

# OS INICIOS DO FÚTBOL NOS CONCELLOS DE OURENSE E CANEDO (1907-1918)

## The beginnings of Football in the Councils of Ourense and Candedo (1907-1918)

DAMIÁN XABIER DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ

Graduado en Xeografía e Historia pola Universidade de Vigo

Recibido: 27/03/23  
Aceptado: 31/10/23

### Resumo

Neste artigo buscamos as raíces do fútbol na cidade de Ourense<sup>1</sup> nos principios do século XX. Analizamos as primeiras sociedades futbolísticas das dúas primeiras décadas do século, desentrañando as súas rivalidades. Intentamos descubrir a orixe social e a ideoloxía dos dirixentes dos principais clubs destes momentos iniciais do fútbol ourensán. Este traballo céntrase máis na historia social deste deporte que nos simples resultados deportivos.

**Palabras clave:** fútbol, historia, Ourense, Burgas F.C., Orense F.C., Triunfo F.C., Victoria F.C.

### Abstract

In this article we try to look for the origins of football in the city of Ourense at the beginning of the 20<sup>th</sup> century. We analyse the first football societies in the two first decades of the century, unraveling their rivalries. We also try to discover both the social and ideological backgrounds of the main team leaders during the beginning of football in the city. This paper focuses more on the social history rather than on the sports results.

**Key words:** football, history, Ourense, Burgas F.C., Orense F.C., Triunfo F.C., Victoria F.C.

---

1 Ao longo deste artigo entendemos por “cidade de Ourense” os concellos de Ourense e Canedo.

## INTRODUCCIÓN

Neste traballo tratamos de afondar na historia do actual concello de Ourense (Canedo e Ourense na época da que trata o traballo) no primeiro terzo do século XX. Facémolo a través dunha actividade que moitos poden considerar secundaria, pero que xa daquela espertaba moito interese e atención na cidadanía local: o fútbol. Un deporte que na década dos 20 converteríase nun fenómeno de masas.

Creemos que a través de actividades “secundarias” podemos achegarnos e comprender mellor o funcionamento da sociedade, neste caso da ourensán de principios de século XX. Os concellos de Ourense e Canedo acadaban unha poboación de 24.286 habitantes (17.581 en Ourense e 6.705 en Canedo) en 1920<sup>1</sup>. Unha cantidade inferior á das outras grandes cidades galegas (A Coruña contaba con 62.022 habitantes, Compostela 25.870, Ferrol 30.350, Lugo 28.346, Pontevedra 26.944 e Vigo 53.100)<sup>2</sup>.

O Ourense de principios do século XX era unha cidade rural, coas hortas ao carón do centro urbano. Mesturándose as tarefas agrícolas de moitos dos seus veciños coa actividade económica máis sobranceira do momento: o comercio. A actividade comercial foi a que propiciou o despegue da urbe, apoiada nas infraestruturas que chegaron na segunda metade do século XIX. Entre todas elas destacan a estrada Vigo-Villacastín (rematada entre 1860 e 1863)<sup>3</sup> que atravesaba a cidade pola chamada rúa do Progreso, precisamente polo adianto, polo impulso, que supuña esta estrada; e o ferrocarril, que chegou en 1881<sup>4</sup>, e que unía a cidade con Vigo. A estación, situada no concello de Canedo, fixo florecer o barrio da Ponte Maior, onde se instaláron moitos comerciantes e almacenistas.

O comercio chegou, na segunda metade do século XIX, da man de comerciantes que se estableceron na capital ourensá ao carón das novas vías de comunicación. Viñeron de Castela, Asturias, Cataluña, Aragón, León, A Rioxa e outras zonas de Galiza. Os nomes de Simeón García, Ramón París, Tabarés, De las Cuevas, Eire, Francisco Villanueva, José Aguirre ou Andrés Perille son só algúns exemplos. Esta dinámica actividade apoiábase en tres piares fundamentais<sup>5</sup>: tecidos, alimentación e ferraxería.

Estes poderosos comerciantes conformaban o grupo económico máis influínte da sociedade ourensá xunto a industriais, banqueiros, altos funcionarios e profesionais liberais. Dirixían as institucións máis representativas, tales como Concello,

---

1 Instituto Nacional de Estadística (INE)

2 Ibidem

3 Carballo-Calero et al. (1995): 28

4 Carballo-Calero et al. (1995): 32

5 Somoza, J. (2001): 88

Deputación, Cámara de Comercio e Industria, partidos políticos e sociedades artísticas, recreativas ou culturais.

Noutro lado, na parte baixa da escala social estaban obreiros, dependentes, artesáns, agricultores, gandeiros e pequenos propietarios. Entre eles apenas existía unha incipiente clase media.

Outro aspecto a salientar deste Ourense de principios do século XX era a situación educativa, que ao igual que no resto de España e Galiza, era desoladora. A metade da poboación do concello era analfabeta<sup>6</sup>. Unha situación que mellorou no primeiro terzo do século XX, reducíndose esta porcentaxe ata un 35/50%<sup>7</sup>. Neste aspecto cómpre mencionar o Instituto (hoxe IES Otero Pedrayo) creado en 1845, o primeiro e único nesta época de carácter civil, pola importancia que tivo na aparición do fútbol en Ourense, como veremos máis adiante.

Ourense intentaba progresar e medrar en todos os ámbitos, e o fútbol non era unha excepción. Pasouse dos primeiros partidos entre escolares e traballadores de comercio a intentar crear unha gran sociedade futbolística que representara á cidade e loitara contra os potentes clubs representativos das grandes urbes costeiras no Campionato de Galiza de Fútbol, algo que se conseguiría na década dos 20.

A chegada do fútbol á cidade encádrase nas novas formas de ocio que arribaron á cidade entre finais do século XIX e principios dos XX, entre as que se atopan o cine e o teatro<sup>8</sup> como as máis sobranceiras. Sen embargo foi a chegada dos deportes a que alterou en gran medida as costumes dos ourensáns, promocionando unha actividade física que non existía anteriormente. Entre eles foi o fútbol, como pasou en practicamente todos os lugares, o que máis aceptación obtivo. Outras prácticas deportivas eran máis elitistas debido principalmente ao seu custo, polo que as clases populares quedaban fóra da súa práctica, Era o caso do *law tennis*, o ciclismo, o automobilismo ou a ximnasia, por destacar os deportes máis de moda no momento.

O fútbol pronto se popularizou xa que, a diferenza dos outros, era máis barato e máis fácil de xogar. Nin tan sequera era necesario mercar equipamentos ou balóns oficiais. Cunhas camisas da mesma cor e unha pelota feita de trapos os seus practicantes tan só tiñan que dirixirse ao descampado máis próximo, colocar unhas pedras delimitando as porterías e pórse a xogar, xa que ata as regras eran sinxelas.

Pero antes de chegar aos concellos de Canedo e Ourense o fútbol recorreu un longo camiño. Os precedentes do fútbol moderno pérdense na nebulosa dos tem-

---

6 VV.AA. (1996): 161

7 VV.AA. (1996): 320

8 Somoza, J. (2001): 150

pos. Están documentados xogos de pelota en China a mediados do primeiro século antes de Cristo. Tamén gregos e romanos practicaban xogos de pelota. Nas illas británicas na Idade Media e na Toscana na época Moderna, eran moi populares este tipo de xogos, así como na América precolombiana.

O fútbol moderno, o que coñecemos agora, naceu nas universidades británicas durante o século XIX, as *public schools*<sup>9</sup>. Foi o momento onde apareceron os deportes como hoxe os coñecemos. De todos eles o fútbol foi o que acadou unha maior popularidade, logrando unha dimensión mundial.

Dende as illas os deportes, e o fútbol en particular, espalláronse ao resto de Europa e do mundo. Os propios británicos nas súas incesantes viaxes por mor das súas actividades económicas e coloniais ou os estudantes foráneos cando regresaban aos seus lugares de orixe infestaron todo o mundo, e Europa en particular, do virus futbolístico.

España e Galiza non foron unha excepción. O fútbol foi o primeiro deporte de equipo que se practicou en España<sup>10</sup>. Chegou a finais do século XIX a través de dúas vías: mediante as colonias de cidadáns ingleses establecidos en cidades españolas e a través dos mozos das clases altas que estudaban no estranxeiro, principalmente en Inglaterra.

Neste traballo tratamos de explicar, non só, como foi a súa chegada a Ourense, senón quen o introduciu e quen o dirixiu. Deste xeito teremos unha visión dende un ángulo inédito das dinámicas da sociedade ourensá, o que nos permitirá ampliar o seu coñecemento, á vez que exploraremos un tema aínda pouco tratado no estudo da historia ourensá.

## 1. O FÚTBOL E A SÚA CHEGADA A GALICIA

A primeira referencia que temos a este novidoso *sport* na Galiza é un artigo publicado en *El Eco Republicano* de Compostela o 26 de xuño de 1873<sup>11</sup>. Nel dáse conta dun xogo que practican os mariñeiros do barco británico *Go-Go* fondeado en Vilagarcía. Estas exhibicións adoitaban ter lugar en todos os portos galegos onde atracaban barcos ingleses.

Sen embargo para a introdución do fútbol en Galicia tivo máis importancia o papel dos estudantes galegos no estranxeiro, sobre todo en Inglaterra e Suíza, que amosan este deporte cando regresan ao seu fogar<sup>12</sup>. Tamén compre salientar

9 Polo, J. (2002): 26

10 Pérez-Martínez, C. e Torreadella-Flix, X. (2020): 2

11 Domínguez, A. (2009): 382

12 Domínguez, A. (2009): 384

o papel desempeñado polas colonias de ingleses asentados nas cidades costeiras galegas (exemplo paradigmático o dos traballadores do Cable Inglés de Vigo).

Deste xeito comezan a xurdir os primeiros equipos, algúns integrados só por ingleses, pero a maioría sendo unha mestura de ingleses e galegos. Establecéndose tamén partidos entre os mozos galegos e as tripulacións dos barcos ingleses que se achegan aos portos galegos. O fútbol, símbolo de modernidade, de seguido calla forte entre a mocidade das clases sociais altas, na burguesía das cidades e vilas galegas na primeira década do século XX.

As cidades costeiras, e a súa área de influencia, son as primeiras nas que o fútbol se asenta. Vigo, A Coruña, Ferrol, Vilagarcía de Arousa e Pontevedra son as pioneiras. Pouco a pouco o fenómeno futbolístico vaise espallando cara o interior de Galicia, chegando a Compostela<sup>13</sup>, Lugo<sup>14</sup> e Ourense xa na primeira década do século XX. Xorden os primeiros torneos, como o campionato organizado polo Vigo FC en 1905, que é considerado o protocampionato galego de fútbol, que se fixo oficial a partires de 1913 unha vez constituída a Federación Galega de Fútbol en 1909<sup>15</sup>.

## 2. OS PRIMEIROS PASOS DO FÚTBOL EN OURENSE (1907-1918)

Imos falar dos primeiros momentos coñecidos do fútbol ourensán. Descubriremos onde se deron as primeiras patadas ao balón e aos impulsores e fundadores das primeiras sociedades futbolísticas. Afondaremos nelas e nas súas rivalidades, así como nos primeiros torneos que se disputaron.

### 2.1. ORENSE UNIÓN F.C., UN CLUB PANTASMA

A primeira nova coa que podemos asociar fútbol e Ourense atopámola no xornal madrileño *La Correspondencia de España* do 16 de marzo de 1907. Este xornal da a coñecer aos equipos inscritos para o vindeiro Campionato de España: *Huelva F.B.C.*, *Vizcaya F.B.C.*, *H.F.B.C. de Salamanca*, *Madrid F.B.C.*, *Club Moderno de Guadalajara*, *Orense Unión F.B.C.* e *Vigo F.B.C.*, facendo un total de sete clubs. Dando conta da retirada das sociedades Barcelona e San Sebastián e da novidade, por inscribirse a última hora, do *Orense Unión F.B.C.* “*compuesto de ingleses en su mayoría, y del cual se nos asegura que es un team formidable*”<sup>16</sup>.

13 Crónica local (09/08/1906), *El Correo de Galicia*, p. 2

14 Fiestas de San Froilán (15/09/1908), *La Idea Moderna*, p. 2

15 Historia (s.f.). Futgal. <https://www.futgal.es/pnfg/NPortada?CodPortada=1000759>

16 El campeonato de España. (16/03/1907). *La Correspondencia de España*, pp. 6-7

No mesmo artigo tamén se dan a coñecer os xogadores que compoñen cada equipo. Polo *Orense Unión F.B.C.* figuran inscritos o porteiro C. Taylor; os defensas Manuel Pardo e S.L. Cumberlege; os medios G. Santoro, L. Jackson e B. Revuelta; e os dianteiros E. Creighton, J. Lago, C. Ángulo, J.S. Spelling e H.I. Caloraff. Seis ingleses e cinco españois formaban o once.

Antes de continuar, compre facer referencia á base cuarta que rexía o torneo: *“Solo podrán tomar parte en el campeonato que se celebrará cada año, precisamente en Madrid, una Sociedad por cada provincia. Si se inscribieran por una provincia dos o más Sociedades, celebrarán entre sí partidos eliminatorios...”*<sup>17</sup>.

Cómo é posible que aparecese inscrito un equipo dunha cidade onde aínda non se teñen novas da práctica deste deporte, e ademais integrado por maioría de ingleses cando non hai constancia da existencia dunha colonia desa nacionalidade na cidade das Burgas? A teoría máis plausible é que se tratou dunha manobra dun grupo de xogadores doutra cidade (podería ser de Vigo) para sortear a citada base das normas do torneo que impedía a participación de máis dun equipo por provincia<sup>18</sup>. Deste xeito evitarían ter que xogar unha eliminatoria contra o potente Vigo F.C. que figuraba inscrito no torneo.

Rastrexando as aliñacións de equipos vigueses daquela época, atopamos xogadores coñecidos como Cumberlege, Creighton e F. Lago (similares a algúns dos inscritos no *Orense*) xogando co *Fortuna*<sup>19</sup>; a L.F. Cumberlege (na posición de defensa) e a A.F. Creighton (dianteiro) formando no *Exiles*<sup>20</sup>, aparecendo tamén convocados para xogar con este mesmo equipo S.D. Cumberlege<sup>21</sup> e A.F. Creighton<sup>22</sup> na *Copa Pontevedra*. Nese mesmo torneo alínea T. Lago no *Fortuna*. En agosto de 1906<sup>23</sup> Cumberlege, Creighton e Griffin anuncian que non xogarán máis co *Fortuna* debido a uns incidentes acaecidos na *Copa Galicia*, xogando unicamente no *Exiles*, o que ocorre ao longo do que resta de ano. É posible que sexan os mesmos que aparecían inscritos no *Orense Unión F.C.*.

Non sería unha práctica novidosa a de que varios xogadores se inscribisen por outra provincia. O *Moderno de Guadalaxara* foi desqualificado do torneo ao estar integrado por xogadores dun club madrileño. Estes decidiron darse de alta no Go-

17 Heraldo de Madrid (04/02/1907)

18 Foot-Ball (04/02/1907), El Heraldo de Madrid, p. 5

19 Noticias de sport. (02/07/1906). Noticiero de Vigo, p. 1

20 De sport. (04/08/1906). La Correspondencia Gallega, p. 2

21 Hai que facer notar que as iniciais dos nomes de Cumberlege, Creighton e Lago non coinciden nos distintos artigos, algo, que sobre todo no caso dos ingleses, pode deberse a erros tipográficos ou dos redactores.

22 De sport. (22/08/1906). La Correspondencia Gallega, p. 2

23 De sport. (28/08/1906). La Correspondencia Gallega, p. 2

berno Civil de Guadalajara para evitar xogar a fase previa en Madrid, cidade onde estaban inscritos varios clubs<sup>24</sup>.

Finalmente o Ourense Unión F.B.C. declinou participar no torneo<sup>25</sup>, o que comunicou por telegrama<sup>26</sup>. No xornal ourensán *El Miño* dese ano non existe referencia algunha a este equipo, nin tan sequera aparecen novas de fútbol en Ourense, parece que aínda era un deporte descoñecido na cidade. Tampouco existen referencias a unha colonia inglesa na cidade, que tería que ser bastante ampla para formar unha sociedade futbolística. Todos os indicios lévanos a pensar que este equipo foi inscrito por persoas alleas á cidade coa intención de saltarse as normas do campionato, aínda que ao final quedou en nada. Deste club pantasma nada máis se soubo.

## 2.2. OS PRIMEIROS PARTIDOS

As primeiras novas que temos da práctica do fútbol en Ourense datan do ano 1908. No diario *El Miño* atopamos unha nova o día 8 de setembro de 1908<sup>27</sup> informando que no veciño concello de Canedo, no lugar onde se celebra a feira, “*varios jóvenes de esta población jugaron un partido de balompié*”. Formáronse dous equipos que terían previsto xogar algúns “*matches*”. O éxito e o entusiasmo entre os practicantes reflectíronse no encargo a Alemaña de dous xogos de fútbol.

Desta nova podemos deducir que os xogadores, ou as súas familias, tiñan un notable poder adquisitivo para poder encargar dous xogos de fútbol (supoñemos que serían equipos e balóns) nada menos que a Alemaña. Tamén é posible que xa antes desta data se practicara este deporte nos descampados da actual cidade das Burgas. Non parece probable que se informara do primeiro partido deste novidoso deporte, seguramente xa houbo algún antecedente anterior.

A finais de setembro de 1908 dous xornais<sup>28</sup> publican a nova da creación dun equipo para o xogo do *foot-ball* co nome de Ourense F.C.. E un mes despois xa sabemos dun partido que xogan contra o Atleti, tamén de Ourense<sup>29</sup>. O “*match*” tivo lugar no Campo do Aragón<sup>30</sup>, o primeiro campo de fútbol da cidade, cedido polo Coronel de Ceriñola. Este campo estaba no Cuartel de San Francisco, sendo propiedade do exército. O partido rematou coa vitoria do Ourense F.C. por 5-0<sup>31</sup>, goles

24 El campeonato de España. (16/03/1907). La Correspondencia de España, pp. 6-7

25 El campeonato de “Foot-ball” y Concurso de Atletismo. (08/04/1907). La Ilustración Española y Americana, pp. 15.

26 Campeonato de España. (23/03/1907). La Correspondencia de España, pp. 8

27 El Miño. (06/09/1908), p. 2

28 El Norte de Galicia (29/09/1908), p. 2 e El Correo Gallego (30/09/1908), p. 2

29 La Correspondencia Gallega (28/10/1908), p. 2

30 Este lugar foi empregado polos golpistas para executar aos defensores da República

31 Foot-ball (29/10/1908), El Miño, p. 1

de José Peñarredonda (o segundo e o quinto), José Perille (o primeiro e o cuarto) e Antonio Fernández Romero. Do Atleti o cronista comenta que estaba formado por dependentes de comercio, pero que ignoraba os seus nomes<sup>32</sup>.

O domingo seguinte ten lugar o desquite no mesmo campo. Neste caso a vitoria foi para o Atleti por 2-1, con goles de Losada e Cáncer para os vencedores e de Torrado para o Orense F.C.. Neste caso o cronista si que publica a aliñación do Atleti<sup>33</sup>. A maioría destes pioneiros seguen vinculados ao fútbol anos despois. Cinco aparecen no *Blanco y Negro* en 1910 (M. Tejada, J. Pemán, M. Pemán, P. Cáncer e C. Pérez); F.(Fermín) Arines no *Orense F.C.* en 1909<sup>34</sup>, 1910<sup>35</sup> e 1911<sup>36</sup>, sociedade na que tamén aparece M.(Mateo) Pemán en 1909<sup>37</sup> e 1911<sup>38</sup>; Chamochín (non podemos asegurar que sexa a mesma persoa) no Escolar Sporting en 1916 e nunha selección do Orense F.C. e Victoria F.C. en 1916 e 1917; e a Benito Osorio atopámolo como presidente do Real Unión Deportiva en 1920. Por outra banda temos a M. Tejada e P. Cáncer como membros da Asociación de Dependentes de Comercio en 1913, e de José Pemán sabemos que era dependente da casa Vicente Román y Cía<sup>39</sup>, o que confirmaría que estaba composto por dependentes de comercio, segundo o cronista do primeiro partido entre os dous equipos.

A febre do fútbol prendeu deseguido e en xuño de 1909 xa temos organizado un campionato ou concurso de fútbol coincidindo coas festas do Corpus<sup>40</sup>, do que nos ocuparemos máis adiante.

Despois deste primeiro campionato seguíronse xogando partidos tanto no concello de Ourense coma no de Canedo. Así en 1909 temos documentados cinco partidos máis nos que interveñen Victoria F.C., Orense F.C., Triunfo F.C. e Sporting. Xa non había quen parara este fenómeno social.

Nestes primeiros tempos xurdiron un par de interesantes iniciativas que non callaron, tendo que esperar moitos anos para que se realizaran. En xuño de 1909 o Orense F.C. foi invitado polo Vigo F.C. á Asemblea Rexional de Foot-ball para

32 No Miño do 29/10/1908 aparece a alineación do Orense F.C.: Andrés Torrado; Vázquez, Malleira; Celestino Vázquez, Peñarredonda, Romero; Junquera, Perille, Fernández, Romero, Noguerol e Pepe Peñarredonda

33 El Foot-ball Club en Orense (04/11/1908), El Miño, p. 1: M. Tejada; B.Osorio, J.Pemán; B.Rocafull, P.Cáncer, F.Fernández; M.Pemán, C.Pérez, F.Chamuchín, A.Losada e Fermín Arines

34 Las fiestas del Corpus. Concurso de foot-ball (05/06/1908), El Miño, p. 1

35 Notas de Sport (22/01/1910), El Miño, p. 3

36 De sport-Fiestas del Corpus (24/05/1911), El Miño, p. 1

37 Las fiestas del Corpus. Concurso de foot-ball (05/06/1909), El Miño, p. 1

38 De sport. Fiestas del Corpus (24/05/1911), El Miño, p. 1

39 De sociedad (11/05/1912), El Miño, p. 2

40 Fiestas en Orense (02/06/1909). Galicia Nueva, p. 1. Este torneo disputarase de 1909 a 1917



constituír a Federación galega<sup>41</sup>, sen chegar a ser parte da mesma. A segunda iniciativa, vinculada ao desenvolvemento local do novo deporte, foi proposta polo *Blanco y Negro F.C.*. A principios de 1910 reuníronse no seu local social os capitáns do citado club, do Orense F.C., do Victoria F.C., do Triunfo F.C. e do Sporting para debater a constitución dun único equipo de fútbol, co fin de retar ás demais sociedades de Galicia. En principio tivo boa acollida a idea, aínda que finalmente non se levou a cabo<sup>42</sup>.

### **2.3. AS PRIMEIRAS SOCIEDADES FUTBOLÍSTICAS**

De todas as sociedades das que temos novas nestes primeiros anos, hai cinco que podemos considerar auténticos clubs organizados. Desenvolveron unha gran actividade ao longo de moitos destes anos e algúns deles volveron a ter protagonismo bastante tempo despois, creándose unha rivalidade histórica entre Orense F.C. e Burgas F.C., este último sucesor do Triunfo F.C..

Orense F.C., Victoria F.C. (hai que distinguir entre unha sociedade de Canedo e outra de Ourense), Triunfo F.C. e Iberia F.C. marcaron esta etapa, xogando gran cantidade de partidos ao longo destes anos (tanto na capital como en vilas próximas) e organizando múltiples actividades. Existen novas da existencia de moitos outros equipos cunha curta actividade, polo menos segundo a prensa da época, que non pasan de xogar algún partido illado ou con aparicións intermitentes ao longo destes anos, o que nos impiden consideralas sociedades cun forte arraigo, debendo ser unións temporais de amigos que non foron a máis.

#### **2.3.1. ORENSE F.C.**

A finais de setembro de 1908 constitúese o Orense F.C. como xa vimos. Segundo informa *El Norte de Galicia* o 29/09/1908 “*Algunos jóvenes del instituto de Orense, han organizado un equipo para el juego del Foot Ball que se denominará Orense F.C.*”. Como xa indicamos anteriormente o seu primeiro partido foi a finais de outubro contra o Atleti.. Entre os xogadores desta sociedade aparecen apelidos de comerciantes ilustres como Perille, Romero, Malleira ou Junquera.

Indagando no arquivo do Instituto Otero Pedrayo atopamos a un dos goleadores do primeiro partido, Antonio Fernández Romero de 14 anos de idade, matriculado no curso 1908-09 e con domicilio na rúa Luís Espada (hoxe Alejandro Outeiriño), unha das rúas do ensanche onde vivían as familias máis podentes da

---

41 El Miño, (23/06/1909)

42 De sport (25/01/1910), El Miño, p. 1

capital. Pola súa banda todos os indicios apuntan a que outro dos goleadores, José Perille, sería José Perille Garra de 12 anos, fillo do comerciante de orixe coruñés Andrés Perille Orozco<sup>43</sup>, o cal chegaría a ser concelleiro polo Partido Republicano Radical en 1934<sup>44</sup>, mentres que o fillo militou na Mocidá Galeguista de Ourense en 1921<sup>45</sup> e en 1932<sup>46</sup> no Partido Galeguista de Ourense. Temos a dous alumnos do instituto, o que vai na liña do anunciado na prensa.

Mentres que do Atleti, o seu rival nese histórico primeiro partido, nunca nada máis se soubo, o Orense F.C. non só figura inscrito no campionato de *foot ball* que se xogaría polas festas do Corpus de 1909<sup>47</sup>, senón que, como xa vimos, foron invitados polo Vigo F.C. en xuño de 1909 á Asemblea Rexional de Foot-ball para constituír a Federación de Galicia<sup>48</sup>. Para o torneo de Corpus o seu presidente, Celso Ferro<sup>49</sup>, ofrece como premio unha copa de bronce bañada en prata. Este comerciante nacido en 1870<sup>50</sup> era un dos máis importantes da cidade, estando moi involucrado na súa vida institucional, política e social: primeiro Tenente de Alcalde en 1906<sup>51</sup>, Deputado provincial en 1911<sup>52</sup>, Vicepresidente da Liga de Amigos en 1913<sup>53</sup>, membro da *Asociación para el progreso y fomento de Orense* en 1919<sup>54</sup>,... Home de ideoloxía liberal<sup>55</sup>, faleceu en maio de 1919 a idade de 49 anos.

A labor de Celso Ferro foi recoñecida polos integrantes da sociedade cando en 1912 nomeárono Presidente de Honra<sup>56</sup>. Temos algúns datos (profesionais e ideolóxicos) dos membros da directiva<sup>57</sup> de 1912. Entre outros figuraban Álvaro de Contreras y Lobit<sup>58</sup> como Presidente, Abelardo García (18 anos<sup>59</sup>, que pode ser

---

43 Segundo se desprende do Padrón de habitantes de 1910

44 Orense (16/10/1934), El Pueblo Gallego, p. 12

45 La "Mocedá Galeguista" de Orense (01/02/1921), La Región, p. 2

46 El Partido Galleguista en Orense (07/01/1932), La Región, p. 1

47 Campeonato de balompié (27/06/1909). Follas Novas, p. 6

48 El Miño (23/06/1909), p. 2

49 Ibidem

50 Segundo se desprende do Padrón de habitantes de 1910

51 Noticias regionales. El ayuntamiento de Orense (03/01/1906), Noticiero de Vigo, p. 2

52 De Orense (20/12/1911), Gaceta de Galicia, p. 2

53 Liga de Amigos (28/01/1913). La Región, p. 2

54 Importante reunión de los elementos orensanos (13/05/1919), La Región, pp. 1-2

55 Noticias de Galicia. Orense (22/09/1912), Nova Galicia p. 3; La Correspondencia Gallega (06/03/1911), p.2. No primeiro xornal dise que ven de viaxe por Galicia con Vicente Pérez (Deputado liberal en Cortes), mentres que no segundo fálase da súa amizade co director de El Miño, xornal de orientación liberal.

56 La carrera ciclista del domingo (10/07/1912), La Región, p. 3

57 Orense F.C. (23/04/1912), La Región, p. 1

58 Irmán de Juan Contreras Lobit, Director do semanario Orense Nuevo (Válcárcel, 1987, pp. 155-157), vencellado ao Partido Radical, e Presidente do Centro de Sociedades Obreras en 1910 (Orense (16/04/1910), La Correspondencia gallega, p. 2.

59 Segundo o Padrón habitantes do concello de Ourense de 1910

comerciante<sup>60</sup>) como Tesoureiro, Antonio Docampo (pensamos que pode ser de ideoloxía republicana<sup>61</sup>) como Secretario, Alfonso Vázquez (tamén temos datos de que pode ser republicano<sup>62</sup>) como contador, Nicanor Alvarado (16 anos, fillo dun empregado da Deputación<sup>63</sup>) como vogal e José Martínez Pedrayo (18 anos, vivía na rúa Progreso<sup>64</sup>, sendo en 1916 funcionario de Correos<sup>65</sup>) como vogal.

Como vemos na xove directiva figuraban elementos republicanos, sendo os seus compoñentes membros da burguesía comercial e funcionalial da cidade, Nos anos posteriores uniríanse perseoires como o fotógrafo Luís Casado (presidente por un curto período de tempo en 1913<sup>66</sup>), Luís Teijeiro (vogal en 1913<sup>67</sup> e membro da Asociación de Dependentes de Comercio en 1917<sup>68</sup>), José Rodríguez Muleiro (presidente en 1914<sup>69</sup> e estudante de dereito en 1922<sup>70</sup>), Eduardo Neira Mármol (secretario en 1914, republicano<sup>71</sup>, profesor da Normal en 1918<sup>72</sup>, escritor<sup>73</sup> e periodista<sup>74</sup>), o coñecido José Perille Garra (vogal en 1914 e presidente en 1917<sup>75</sup>) ou Arturo Villanueva (capitán 1º equipo en 1917, pertencente a unha coñecida familia de comerciantes e nos anos 30 vicepresidente do Partido Republicano Radical<sup>76</sup>).

Como era habitual naquela época gran parte dos directivos tamén eran xogadores do equipo. Alfonso Vázquez, Alvarado, Malleira, José Martínez Pedrayo, Arturo Lenzano, Luís Teijeiro, Muleiro, Antonio Risco, Arturo Villanueva ou José Perille son exemplos de directivos/xogadores.

En 1913, á vez que organizan o campionato do Corpus<sup>77</sup> por ser os vixentes campións, inician xestións para construír un campo de fútbol<sup>78</sup>. O concello concédelle unha subvención de 200 pesetas (por unha soa vez) para dito obxectivo. Sen embargo dese campo nunca máis se soubo e a actividade da sociedade decrece, de xeito que en 1915 non hai reflectidos na prensa partidos xogados por eles. En 1916

---

60 Camisería inglesa (14/06/1914), La Región, p. 4

61 La Juventud Republicana se disuelve (28/06/1913), La Región, p. 3

62 Los republicanos ourensanos (30/07/1913), La Región, p. 2

63 Segundo Padrón de habitantes do concello de Ourense en 1910

64 Segundo Padrón de habitantes do concello de Ourense en 1910

65 De sociedad (14/10/1916), La Región, p. 1

66 Noticias (08/03/1913), La Región, p. 3

67 Noticias (25/12/1912), La Región, p. 3

68 Renovación de directivas (04/01/1917), La Región, p. 3

69 Deportes (07/01/1914), La Región, p. 2

70 Noticias (17/04/1922), El Compostelano, p. 2

71 El impuesto de consumos (23/07/1919), La Región, p. 1

72 El Correo de Galicia (12/02/1918), p. 2

73 Adhesión a López de Haro (05/08/1917), El Progreso, p. 1

74 O Tío Marcos d'a Portela (07/10/1918), p. 5

75 Notas deportivas (28/06/1917), La Región, p. 2

76 Partido Republicano Radical de Orense (30/06/1934), La Región, p. 3

77 Campeonato Provincial de Foot-Ball (23/04/1913), La Región, p. 2

78 En el Ayuntamiento (15/03/1913), La Región, p. 2

volve á actividade, e no Trofeo do Corpus para enfrontarse no partido final ao Iberia, equipo en auxe, acude en coalición co Victoria F.C. e o Triunfo F.C.<sup>79</sup>.

En 1917, baixo a presidencia de José Perille Garra, un dos primeiros xogadores do club, a sociedade revitalízase, chegando á final<sup>80</sup> do Trofeo do Corpus onde cae cun estraño gol en propia meta ante o seu gran rival daquela, o Iberia F.C.. A partir deste momento a súa actividade futbolística practicamente desaparece, aínda que a sección ciclista seguía en funcionamento, como o testemuña a morte causada pola coñecida como gripe española de Baltasar Álvarez<sup>81</sup> de 21 anos de idade, capitán da sección ciclista do club. Non temos máis novas deste equipo ata varios anos despois en que rexurdirá con forza, converténdose no referente futbolístico da cidade.

Como se pode apreciar, as actividades deportivas desta sociedade non se limitaban ao fútbol, aínda que era o máis importante, chegando a ter dous equipos en 1912. O ciclismo era outra disciplina que tiña gran predicamento entre os seus socios, tanto coma organizadores de distintas competicións<sup>82</sup>, como practicantes.

### 2.3.2. VICTORIA F.C. DE CANEDO

Esta sociedade mantén a súa actividade futbolística durante os anos 1909, 1910 e 1911, desaparecendo posteriormente da escena. O xornal *El Miño* da conta en xuño de 1909<sup>83</sup> da intención de crear un equipo na Ponte. Contaría con “*talludos muchachos*”, dos que algúns serían empregados das oficinas da estación. Este novo equipo xoga en agosto contra o Orense F.C.<sup>84</sup> e en setembro contra o Triunfo F.C.<sup>85</sup> co nome de Victoria F.C., na explanada fronte a estación e no Bellao respectivamente. Tamén disputaría partidos en Quintián<sup>86</sup>. Esta sociedade foi inscrita no Goberno Civil en febreiro de 1910<sup>87</sup>. Estaríamos ante o precursor doutros equipos da Ponte Maior como o Norte F.C.<sup>88</sup> e Puente F.C.<sup>89</sup>. Nese mesmo ano participou no Trofeo do Corpus por primeira e única vez, perdendo a final contra o Sporting por 2-0<sup>90</sup>.

---

79 De Sport (22/06/1916), La Región, p. 3

80 Notas deportivas (09/06/1917), La Región, p. 2

81 Notas deportivas (24/10/1918), La Región, p. 1

82 La Región (19/06/1912)

83 De sociedad (10/06/1909), El Miño, p. 2

84 De sociedad (10/08/1909), El Miño, p. 1

85 De sociedad (05/09/1909), El Miño, p. 1

86 Notas de sport (07/11/1909), El Miño, p. 1

87 Sport (25/02/1910), El Miño, p. 2

88 De sport (26/06/1912), La Región, p. 2 e Notas deportivas (16/09/1919), La Región, p. 2

89 Notas deportivas (09/01/1932), La Región, p. 8

90 Fiestas del Corpus (26/05/1910), El Miño, p. 1

Os xogadores<sup>91</sup> destes anos levan apelidos de familias dedicadas ao comercio que se afincaron na Ponte Maior. Ventura de las Cuevas, Marciano Tabarés, Ramón Tabarés ou Blas Moretón<sup>92</sup> así o indican. Como era habitual tamén se entretiñan noutras actividades, como a organización nos seus salóns dun baile durante as festas do Apóstolo da Ponte, que segundo o xornal pódense considerar parte do programa<sup>93</sup>. A partir de 1912 non temos noticias de partidos xogados por esta sociedade, aparecendo en Canedo un novo equipo co nome de Norte F.C.<sup>94</sup> no que son habituais xogadores co apelido Tabarés.

Coñecemos as directivas de 1910<sup>95</sup> e 1911<sup>96</sup>. A maioría dos seus membros eran tamén xogadores do equipo, algo habitual na época. Como xa vimos a presenza de apelidos relacionados cos comerciantes instalados na Ponte Maior denota que foron os fillos da burguesía comercial os que impulsaron a práctica do fútbol en Canedo, como os Tabarés (Ramón, Santos e Marciano), Ventura de las Cuevas ou Blas Moretón. Pero tamén os empregados do ferrocarril tiveron presenza e protagonismo nesta sociedade. Destaca Aníbal de Castro, presidente en 1910 e 1911. Supoñemos que se trata de Aníbal de Castro Morillo que morre en Santiago de Compostela o 23 de abril de 1925 aos 34 anos de idade, polo que tiña 19 cando presidiu o club. No momento do falecemento era Xefe de Estación en Barra de Miño. Tamén concorda que arbitrara o 20 de xuño de 1924 un partido en Bouzas entre dous equipos ferroviarios<sup>97</sup>. Xa antes arbitrara en Ourense a final do Trofeo de Corpus de 1914<sup>98</sup>. Outro directivo de 1910, o vicesecretario Bartolomé Seoane, podémolo tamén vincular ao ferrocarril. Esta persoa morre o 17 de outubro de 1918 en New Jersey (Estados Unidos)<sup>99</sup> con 27 anos de idade, e ten un irmán que vive Ponte Maior en 1919 e que é axente de ferrocarril<sup>100</sup>.

Outros membros dos que temos datos son o vicepresidente en 1910, Amador Cobas, que podería ser o contador-depositario da Xuventude Socialista en 1914<sup>101</sup> e que foi vítima da represión do bando golpista en 1936 cando contaba 46 anos, sendo membro do PSOE e de profesión ebanista. O vogal 1º en 1910, Ricardo Feijoo, tal vez sexa Ricardo Feijoo Iglesias, vogal en 1932 da Asociación de Empregados de Espectáculos, e que tamén sufriu a represión franquista sendo, ao igual que

91 Concurso de "Foot-Ball" (22/05/1910), La Región, p. 2

92 Orense (20/12/1914), El Eco de Galicia, p. 6

93 Noticias (23/07/1910), La Región, p. 3

94 De sport (26/06/1912), La Región, p. 2

95 Sport (25/02/1910), El Miño, p. 2

96 Noticias (21/12/1910), La Región, p. 3

97 Hoy en Bouzas (20/04/1924), El Pueblo Gallego, p. 5

98 Campeonato de Foot-ball (20/06/1914), La Región, p. 2

99 La Región (17/12/1918), p. 3

100 Sociedad (30/12/1919), La Región, p. 3

101 Las Juventudes Republicana y Socialista (09/01/1914), La Región, p. 1

Amador Cobas, membro do PSOE e ebanista, tendo 44 anos en 1936. Por idade, terían 20 e 18 anos respectivamente en 1910, polo que poderían ser os mesmos, tendo ademais a mesma ideoloxía e profesión, polo que é factible que tiveran unha relación de amizade.

O secretario en 1910 e 1911, José Villarino, tal vez sexa fillo de José Villarino Figueroa, xuíz municipal en Canedo en 1911<sup>102</sup>. Outro dato que sitúa a José Villarino Castro en Canedo é a voda da súa irmá, M<sup>a</sup> Carmen en agosto de 1928 en Canedo<sup>103</sup>, datos que poden indicar que se trata da mesma persoa.

En 1911 desempeña o cargo de vicesecretario Salvador Freijedo, que pode ser o mesmo que en 1910 aparece como vogal de *Juventud Católica*<sup>104</sup> e de *Juventud Jaimista*<sup>105</sup>. Con este mesmo nome hai varias novas en 1913 e 1914 que informan dos seus destinos como traballador de Correos<sup>106</sup>. Finalmente o 6 de agosto de 1920 *La Región* da conta do feito da pedida de man de María Tabarés, filla de Ignacio Tabarés, o que o vincula tamén ao Ponte Maior e a familia Tabarés. Neste momento Salvador era avogado e oficial de correos.

### 2.3.3. VICTORIA F.C. DE OURENSE

En xuño de 1915 o xornal *La Región* da conta da fundación do Victoria F.C.<sup>107</sup> por un grupo de mozos menores de 15 anos. Un club que foi acollido con gran algarabía polo cronista deportivo de *La Región*, *Zenitram*, Este cronista escribe pouco despois sobre o gran crecemento desta sociedade: “... *equipo formado primeramente por 8 niños afeminados... y hoy constituyen una sección de 30 mocetones...*”<sup>108</sup>. Inscríbense no Goberno Civil en maio de 1916<sup>109</sup>, aprobando o seu regulamento. Xogan o Trofeo de Corpus en 1916 (en coalición co Orense F.C. e Triunfo F.C.<sup>110</sup>) e en 1917, pero non logran grandes resultados, aínda non chegaran á altura de Iberia ou Orense F.C., os mellores equipos do momento. En 1918 convértense na alternativa ao Iberia F.C. ante a inanición futbolística de Orense F.C. e Triunfo F.C.. En agosto dese ano fúsiónanse<sup>111</sup> co Hércules F.C., creando o Orense Sporting Club, para disputarlle a supremacía do fútbol ourensán á Unión Deportiva, sociedade que xurdiu

102 De sociedad (14/03/1911), *La Región*, p. 3

103 Una boda (07/08/1929), *La Región*, p. 8

104 Noticias (20/11/1910), *La Región*, p. 3

105 Noticias (21/12/1910), *La Región*, p. 3

106 *La Región* (16/01/1913, 03/04/1913 e 07/07/1914)

107 De Sport (24/06/1915), *La Región*, p. 1

108 De Sport (18/07/1915), *La Región*, p. 2

109 Noticias (25/06/1916), *La Región*, p. 3

110 De Sport (22/06/1916), *La Región*, p. 3

111 Notas deportivas (24/08/1918), *La Región*, p. 1

da fusión do Iberia F.C. e o *Gimnástico Deportivo*. Debido a isto considerámola unha das sociedades máis importantes nestes inicios do fútbol ourensán.

Como a maioría das sociedades futbolísticas do momento a súa actividade non se limitaba só ao fútbol. Tamén organizaba, e os seus membros participaban, en probas de *cross country* (carreiras campo a través). Así en marzo de 1918 organiza un *cross country* de categoría rexional<sup>112</sup>.

A través da prensa coñecemos a composición das directivas de 1917<sup>113</sup> e 1918<sup>114</sup>. O seu presidente nestes anos era Manuel Martínez Pereira, máis coñecido como *Zenitram*<sup>115</sup>, o cronista de *La Región* que non escatimaba eloxios a esta sociedade dende as súas páxinas, e que tamén integra a comisión de sport da *Juventud Antoniana* en 1918<sup>116</sup>. Pero non é o único directivo vinculado a esta asociación católica. O vicepresidente en 1917 Jaime Pereira aparece como Vicesoureiro dos antonianos en 1922<sup>117</sup>. Tamén atopamos membros da *Juventud Jaimista* (carlistas)<sup>118</sup> como José L. Malleira (tesoureiro do Victoria en 1917 e 1918) ou Salvador Caneiro, vogal en 1918, e con ampla traxectoria noutras sociedades futbolísticas da época. Este inquieto personaxe foi capitán do Deportivo F.C.<sup>119</sup>, sociedade fundada por membros da *Sociedad Juventud Jaimista* en 1910; presidente do Sporting<sup>120</sup>, club fundado en 1909, e representante xeral e presidente da Real Unión Deportiva en 1918<sup>121</sup> e 1919<sup>122</sup> respectivamente. Ademais da súa frenética actividade deportiva tamén foi tesoureiro na *Juventud Antoniana* en 1918<sup>123</sup>.

Pero tamén formaron parte da directiva do Victoria intelectuais como Eduardo Blanco Amor, vogal en 1918 e que participou como xurado no *cross* organizado polo club ese mesmo ano<sup>124</sup>; ou futuros choferes como Epifanio Manzano Carrión, fillo dun mecánico valisoletano<sup>125</sup>, que en 1917 tiña 15 anos e compatibilizaba ser futbolista da sociedade e o cargo de secretario, o que tamén facían outros xogadores/directivos como Gerardo Garrido, Malleira ou Emilio Ríos<sup>126</sup>.

112 Notas deportivas (09/03/1918), *La Región*, p. 2

113 Renovación de directivas (10/01/1917), *La Región*, p. 3

114 Notas deportivas (12/04/1918), *La Región*, p. 2

115 Sociedad (12/03/1936), *La Región*, p. 5

116 De la Juventud Antoniana (09/02/1918), *La Región*, p. 2

117 Juventud Antoniana de Orense (02/02/1922), *La Región*, p. 1

118 *La Región* (09/02/1911), p. 3

119 Notas de Sports (11/08/1910), *La Región*, p. 2

120 Notas de sport (17/09/1911), *La Región*, p. 2

121 Notas deportivas (14/05/1918), *La Región*, p. 1

122 Notas deportivas (05/12/1918), *La Región*, p. 2

123 Nuevas juntas directivas (22/01/1918), *La Región*, p. 2

124 Notas deportivas (04/05/1918), *La Región*, p. 2

125 Padrón de habitantes de Ourense de 1910

126 Notas deportivas (03/10/1917), *La Región*, p. 2

Parece que se trata dunha sociedade vinculada coa igrexa a través da *Juventud Antoniana*. Deste xeito colle sentido un cartel no seu domicilio onde se lía: “*No se permite hablar mal, bajo la multa de 10 céntimos, ó la pena de expulsión*”<sup>127</sup>.

#### 2.3.4. TRIUNFO F.C.

Esta sociedade xa ten presenza no ambiente futbolístico ourensán en 1909, xogando a primeira edición do Campionato Provincial de Foot-Ball (coñecido popularmente como Trofeo Corpus) xunto a Orense F.C. e Sporting. En decembro dese ano presenta os seus estatutos no Goberno Civil<sup>128</sup>. Nos anos seguintes convértese nunha das sociedades máis laureadas, conquistando o Trofeo do Corpus en 1911<sup>129</sup>, 1913<sup>130</sup> e 1914<sup>131</sup>, sendo finalista das edicións de 1912<sup>132</sup> e 1915<sup>133</sup>. Despois non atopamos máis novas na prensa sobre partidos disputados por este club, non volvendo a ter noticias del ata 1919, onde reaparece coa constitución dunha nova directiva<sup>134</sup>. Da súa importancia da conta que tiveran un segundo equipo xa en 1910.

Foi o gran rival do Orense F.C. nestes primeiros anos do fútbol local, ata que apareceu o Iberia a mediados da segunda década do século XX. Unha rivalidade que non lle impediu aliarse a ambos, xunto co Victoria, para facerlle fronte ao Iberia na final do Corpus de 1916, un rival que non semellaba ser do agrado de ningún dos outros rivais da capital.

Coma case todas as sociedades desta época non se dedicaban só ao fútbol. En 1912 no seu local da R/ Progreso, 23, organizan bailes por festividade destacadas como o entroido<sup>135</sup> e a Inmaculada. Incluso esta sociedade chegou a ter un bibliotecario nas súas directivas de 1912<sup>136</sup> e 1913<sup>137</sup>. Eran auténticas sociedades culturais e deportivas.

---

127 De sport (18/07/1915). La Región, p. 2

128 De sociedad (12/12/1909). El Miño, p. 1

129 De sport (24/06/1911), La Región, p. 2

130 De sport (11/06/1913), La Región, pp. 2-3

131 El partido del domingo (22/07/1914), La Región, p. 2

132 De sport (12/06/1912), La Región, p. 2

133 De sport (06/06/1915), La Región, p. 2

134 Notas deportivas (09/09/1919), La Región, p. 2

135 Sociedad “Triunfo F.C.” (18/02/1912), La Región, p. 2

136 Triunfo F.C. (19/10/1912), La Región, p. 3

137 Nuevas directivas (07/01/1913), La Región, p. 2



Para coñecer o seu substrato social temos que facelo a través dos integrantes das directivas de 1910<sup>138</sup>, 1912<sup>139</sup> e 1913<sup>140</sup>. Podemos afirmar que existe unha notable presenza dos dependentes de comercio entre os seus membros. Son os casos de Nicolás Muñoz, presidente do club en 1912 e 1913 e vicepresidente da Asociación de Dependentes de Comercio en 1913<sup>141</sup>; Juan Anta, vogal da directiva en 1913 e vogal da Agrupación de Dependencia Mercantil e Bancaria en 1914<sup>142</sup>; Modesto Muñoz, contador do club en 1912, e vogal da Asociación de Dependentes de Comercio en 1913<sup>143</sup> e Joaquín Aguilar, tesoureiro e vogal no Triunfo en 1912 e 1913 respectivamente, desempeña diversos cargos na Asociación de Dependentes de Comercio en 1913 e 1919<sup>144</sup>. Ademais destes homes vinculados á Asociación de Dependentes de Comercio tamén aparece un traballador do gremio dos tipógrafos como Eduardo Berjano. Foi contador da directiva do club en 1913, desempeñando tamén o cargo de contador na *Asociación Tipográfica Orensana* nos anos 1911<sup>145</sup>, 1913<sup>146</sup> e 1919<sup>147</sup>, cando menos. Tamén cómpre destacar que dous membros da directiva de 1910, Bernardino Delgado<sup>148</sup> (vicepresidente) e Agenor Fernández<sup>149</sup> (Vogal 2º) poderían ser ebanista e obreiro prateiro, respectivamente, polo que nos seus inicios podemos constatar tamén a presenza de artesáns na súa dirección.

Tamén atopamos entre os directivos a persoeiros como Luís Fernández Pérez “Xesta”<sup>150</sup>. Popular personaxe da época que tamén estivo relacionado co Escolar Sporting Club<sup>151</sup> e que na segunda metade dos anos 20 da nome ao Xesta F.C.<sup>152</sup>, un equipo infantil. Era debuxante<sup>153</sup> e traballou como profesor na Normal e no *Círculo Católico de Obreros*<sup>154</sup>, entre outros lugares; e a artistas como o escultor Daniel Piñeiro<sup>155</sup>, directivo en 1911<sup>156</sup>.

---

138 Notas de sport (13/01/1910), El Miño, p. 2

139 Triunfo F.C. (19/10/1912), La Región, p. 3

140 Nuevas directivas (07/01/1913), La Región, p. 2

141 Los dependientes de Comercio (28/01/1913), La Región, p. 2

142 La dependencia mercantil y bancaria (25/01/1914), La Región, p. 2

143 Los dependientes de comercio (28/01/1913), La Región, p. 2

144 La Asociación de Dependientes (07/12/1919), La Región, p. 2

145 Orense (18/12/1911), El Correo de Galicia, p. 2

146 Sociedad de Tipógrafos (18/12/1912), La Región, p. 3

147 Nuevas directivas (19/12/1918), La Región, p. 2

148 De sociedad (13/06/1913), La Región, p. 3

149 De sociedad (22/01/1913), La Región, p. 3

150 Sociedad “Triunfo F.C.” (18/02/1912), La Región, p. 2

151 Crónica regional (03/04/1915), El Correo de Galicia, p. 2

152 Notas deportivas (07/06/1927), La Región, p. 1

153 Crónica regional (05/09/1911), El Correo de Galicia, p. 2

154 Noticias de Galicia (02/05/1915), El Norte de Galicia, p. 2

155 Noticias (25/04/1912), La Región, p. 3

156 Sociedad “Triunfo F.C.” (18/02/1912), La Región, p. 2

Os seus dirixentes eran traballadores dun nivel socioeconómico medio, por riba dos obreiros industriais, pero lonxe das clases máis podentes, sen ter tampouco un papel relevante na vida política ourensá. Esta evidente relación cos dependentes de comercio lévanos a considerar se o Triunfo non sería unha continuación do Atleti, o equipo rival do Orense F.C. nese primeiro partido disputado o 27 de outubro de 1908, onde o cronista afirmaba que estaba integrado por dependentes de comercio.

Nos seus principios os directivos tamén eran xogadores do equipo. Así da directiva de 1910 tamén saltaban ao terreo de xogo José Lamas, Adolfo Gómez, Bernardino Delgado, Ángel Delgado, Félix Dopazo e Leopoldo González. Nas posteriores directivas xa non era así.

### 2.3.5. IBERIA F.C.

Desta sociedade temos as primeiras novas no ano 1912<sup>157</sup>. Nun dos seus primeiros partidos foi goleado polo segundo equipo do Orense F.C. por 7-2<sup>158</sup>. Pero pronto conseguen formar un equipo potente e en 1913 xa compiten de ti a ti cos outros equipos da capital, converténdose a partir de 1915 no dominador do fútbol local, logrando tres campionatos consecutivos do Trofeo de Corpus<sup>159</sup>, co que conseguen facerse co trofeo en propiedade.

Nestes primeiros anos tamén desenvolven unha sección ciclista, organizando campionatos que entran en rivalidade cos organizados polo Orense F.C.. Este ben pode ser o xerme da tremenda rivalidade entre estas dúas sociedades. Unha rivalidade que quedou patente nun encontro disputado entre ambos o 16 de febreiro de 1913<sup>160</sup>. Xogaban co fin de recadar fondos para as vindeiras festas do Corpus da cidade. No transcurso do partido, cando o Orense F.C. fixo o 2-1, organizouse unha tângana entre os xogadores, ao considerar os iberistas ilegal o tanto.

Segundo o xornal *La Región* do 18 de febreiro de 1913, este partido non foi unha excepción aos disputados anteriormente entrambos equipos. Aínda que para o cronista a culpa recae sobre o público que se mete a discutir do que non entende. Así podemos ler: *“la cosa terminó ... yendo a la inspección en agradable compañía, tres o cuatro alborotadores, tras de los cuales marchó numeroso público al cual los guardias municipales y algunos números de seguridad tuvieron que disolver”*. Tamén rematou con incidentes a final do Corpus de 1915 contra o Triunfo<sup>161</sup>. Ao marcar o Iberia o 2-1 houbo unha

---

157 De Sport (19/07/1912), *La Región*, p. 2

158 De sport (31/07/1912), *La Región*, p. 2

159 Festejos del Corpus (07/06/1917), *La Región*, p. 2; Notas deportivas (09/06/1917), *La Región*, pp. 2-3

160 Futbolerías (18/02/1913), *La Región*, p. 2

161 De sport (06/06/1915), *La Región*, p. 2

invasión do campo por parte de público ao estar en desacordo coa validez do gol, sen chegar a rematar o partido.

Parece que non debían ter moitas simpatías entre o resto de sociedades. Orense F.C., Victoria F.C. e Triunfo F.C. non dubidaron en unirse contra os iberistas na final do Trofeo de Corpus de 1916, a pesar das grandes rivalidades entre estes clubs, como xa vimos.

Ante a crise de Orense F.C. e Triunfo F.C. nos últimos anos da segunda década do século XX queda, xunto ao Victoria F.C., como unha das sociedades máis representativas da cidade, disputándose ambas a supremacía local. Esta sociedade, ademais das prácticas deportivas, tamén mantén seccións culturais como as de declamación, música e canto. Así estas viaxan cos xogadores a Monforte, onde ían disputar pola tarde un partido de fútbol contra o Galaico F.C., para ao remate do mesmo ofrecer un recital no teatro monfortino<sup>162</sup>. Estas incipientes sociedades futbolísticas eran auténticas sociedades deportivas, recreativas e culturais. Xa na primeira metade de 1918 fúsiónanse co *Gimnástico Deportivo* dando lugar á Real Unión Deportiva<sup>163</sup>.

Nas directivas que coñecemos a través da prensa, dos anos 1912<sup>164</sup>, 1917<sup>165</sup> e 1918<sup>166</sup>, atopamos un número significativo de persoas vinculadas dalgún xeito coas organizacións carlistas da época, ben da *Juventud Jaimista*, Club Margarita (sección ciclista fundada por membros da *Juventud Jaimista* e do Requeté<sup>167</sup>) ou Requeté, ou simplemente con amizades neses ámbitos. O presidente en 1912, Alfredo Sutil, era un actor afeccionado que tiña como compañeiros de reparto<sup>168</sup> a membros do Requeté<sup>169</sup> como Maximino Sastre (compañeiro tamén na directiva do Iberia) ou Guillermo Destar. O referido Maximino Sastre, nacera en Palencia, tiña 21 anos e levaba vivindo en Ourense seis<sup>170</sup>, sendo fillo do comerciante Eliseo Sastre Pérez, membro do Círculo Católico Tradicionalista<sup>171</sup>. Maximino era un gran orador, sendo habitual nos actos do Círculo Tradicionalista e do Requeté. O seu irmán Claudio Sastre, nado en Valladolid e 2 anos menor, traballaba como dependente de comercio<sup>172</sup>, e en 1912 era vogal do Iberia e do Club Margarita.

162 “El Iberia F.C., a Monforte” (29/07/1917), La Región, p. 2

163 Notas deportivas (14/05/1918), La Región, p. 1

164 Un festival y una suscripción (21/08/1912), La Región, p. 2

165 Notas deportivas (26/05/1917), La Región, p. 1

166 Novas directivas (07/01/1918), O Tío Marcos d’a Portela, p 6

167 Orense sportivo (02/04/1912), La Región, p. 2

168 El aguinaldo de los niños pobres (27/01/1912), La Región, p. 2

169 Crónica regional (04/01/1912), El Correo de Galicia, p. 2

170 Segundo Padrón de habitantes de Ourense de 1910

171 Nuevas juntas (03/01/1912), La Región, p. 2

172 Segundo Padrón de habitantes de Ourense de 1910

En 1917 o presidente é Julio Villot, reloxeiro de 26 anos<sup>173</sup> e xogador da sociedade dende 1912<sup>174</sup>. O seu caso é curioso, xa que en 1918 aparece como xogador, vicecapitán e vicepresidente do Victoria F.C.<sup>175</sup>. Coa fusión do club victorista mantense na directiva e tamén como xogador do novo Orense Sporting Club<sup>176</sup>. Algún motivo que descoñecemos levouno a militar no gran rival do Iberia. Na directiva de 1918 atopamos como presidente a Salvador Caneiro, vinculado a sociedades carlistas e do que falamos no epígrafe dedicado ao Victoria F.C.. Outros membros da directiva de 1918 como os vogais Cecilio Pérez e Lorenzo Sánchez tamén tiñan vínculos cos *jaimistas*. Lorenzo era membro da *Juventud Jaimista*<sup>177</sup> en 1910 (tesoureiro), mentres que Cecilio non nos consta como membro do *Círculo Jaimista* ata 1930<sup>178</sup> co cargo de vicepresidente, pero nunha nova do xornal *La Región* do 9 de febreiro de 1911<sup>179</sup> aparece no enterro do vogal da *Juventud Jaimista* Félix Santos Rodríguez, en calidade de membro da Asociación de Dependentes de Comercio, polo que supomos que mantiñan unha relación de amizade.

Outros membros do club como Julián Cisneros, nado en Valladolid, de 15 anos de idade en 1912 e de profesión dependente<sup>180</sup> acompaña na directiva de *La Artística* a Salvador Caneiro en 1919<sup>181</sup>; ou Gonzalo Figueiral, presidente honorario do Iberia en 1917 e membro da directiva de *Jóvenes del Centro de Orense (Centro Instructivo Antoniano)*<sup>182</sup> xunto a Salvador Caneiro en 1919. Como se pode apreciar a presenza de Salvador Caneiro é un nexo de unión que cando menos mostra amizade entre eles.

Outras notas características dalgúns dos membros da sociedade citados nos párrafos anteriores é a súa relación co comercio e ter nacido fóra de Galicia. Tamén varios membros do Iberia teñen vínculos coa *Juventud Antoniana*. Aos xa mencionados Gonzalo Figueiral, Salvador Caneiro, Cecilio Pérez<sup>183</sup> e Lorenzo Sánchez<sup>184</sup> engadimos a Genaro Toral, vogal da organización<sup>185</sup> e membro da súa Comisión

---

173 Segundo Padrón de habitantes de Ourense de 1910

174 De sport (31/07/1912), *La Región*, p. 2

175 Notas deportivas (12/04/1918), *La Región*, p. 2

176 Notas deportivas (24/08/1918), *La Región*, p. 1

177 Noticias (21/12/1910), *La Región*, p. 3

178 *Círculo Jaimista* (13/02/1930), *La Región*, p. 8

179 *La Región* (09/02/1911), p. 3

180 Segundo o Padrón de habitantes de Ourense de 1910

181 Centros y sociedades (24/12/1919), *La Región*, p. 1

182 Nuevas directivas (15/02/1919), *El Eco Franciscano*, pp. 22-23

183 Nueva directiva (08/01/1920), *La Región*, p. 1

184 Nuevas Juntas directivas (22/01/1918), *La Región*, p. 2

185 *Ibidem*

de Sport en 1918<sup>186</sup>, ademais de Secretario da Asociación de Dependentes de Comercio en 1918<sup>187</sup>.

Ao igual que acontecera no Victoria F.C. conta coa presenza na directiva dun periodista, aquí temos o caso de José González Viso “Goal”, cronista de *La Región*, que foi secretario do Ibería en 1917 e 1918, manténdose na directiva do Real Unión Deportiva, tras a fusión de Iberia e *Gimnástico Deportivo*, en 1919<sup>188</sup>.

Neste club a dualidade directivo/xogador está presente de xeito evidente: Alfredo Sutil, Maximino Sastre, Modesto Varela, Julio Villot, Francisco Toral, Genaro Toral ou Esteban Fuentes son mostra delo<sup>189</sup>.

### 2.3.6. OTRAS SOCIEDADES

Ademais das cinco grandes sociedades que vimos nos apartados anteriores, existiron moitas outras ao longo destes anos, a maioría con efémeras existencias. Esta curta existencia máis a falla de datos e de novas fan practicamente imposible ofrecer unha visión, aínda que mínima, das características e orixe destas sociedades. Ademais moitas veces vemos os mesmos nomes en directivas de sociedades distintas, polo que debeu de ser moi habitual a fundación de distintos clubs en curtos períodos de tempo, caendo pronto no esquecemento. Podemos destacar as seguintes:

#### ***Sporting F.C.***

Foi unha das sociedades pioneiras que apareceron na cidade. Disputou xunto a Orense F.C. e Triunfo F.C. o Corpus de 1909, estando presente tamén nas edicións de 1910<sup>190</sup> (foron campións), 1913<sup>191</sup> e 1914<sup>192</sup>. A partir de 1914 xa non temos máis novas que denoten actividade ata 1917, en que aparece o nomeamento dunha nova directiva<sup>193</sup> con Luís Malleira como presidente. Pero tal vez se trata dunha nova sociedade que non tiña relación coa anterior. Sexa como sexa non temos constancia de ningún partido xogado por este club nestas datas. Os poucos datos de que dispoñemos fan imposible facer unha exposición máis detallada. Tan só salientar que Salvador Caneiro foi o seu presidente en 1911.

Unicamente no xornal *El Miño* aparece unha nova o 30 de xaneiro de 1910 que fala da fusión de Sporting e Orense F.C., adoptando o nome deste segundo equipo, formando deste xeito dous equipos dentro da mesma sociedade. Sen embargo en

186 De la Juventud Antoniana (09/02/1918), *La Región*, p. 2

187 Nuevas directivas (30/01/1918), *La Región*, p. 1

188 Notas deportivas (01/10/1919), *La Región*, pp. 1-2

189 Notas deportivas (01/08/1917), *La Región*, p. 2; De sport (31/07/1912), *La Región*, p. 2

190 Las fiestas del Corpus (18/05/1910), *La Región*, p. 2

191 La fiesta del balompié en Orense (20/05/1913), *La Región*, p. 2

192 Las fiestas del Corpus (07/06/1914), *La Región*, p. 2

193 Notas deportivas (05/04/1917), *La Región*, p. 2

anos posteriores segue aparecendo o Sporting xogando partidos, e mesmo participando no Corpus, coa súa denominación orixinal. Pode ser que a unión se rachara nalgún momento.

### ***Blanco y Negro F.C.***

O *Blanco y Negro* foi unha das sociedades pioneiras do fútbol e do deporte ourensán, contando cunha activa sección de ciclismo. A primeira nova que temos dela é de finais de 1909<sup>194</sup> organizando un concurso ciclista para recadar fondos en favor das vítimas da guerra do Rif. Dito festival estivo presidido pola Marquessa de Leis, sendo o Marqués de Leis o presidente honorario do club<sup>195</sup>. Tamén a aristocracia se interesaba por este novo *sport*, aínda que en menor medida que a burguesía comercial.

Atopamos nesta sociedade algúns dos xogadores do Atleti, o rival do Orense F.C. nos partidos de 1908. É o caso de M. Tejada, José Pemán, Pablo Cáncer e Mateo Pemán. Polo que pode ser que varios membros do Atleti pasaran ao *Blanco y Negro* ou que se trate do mesmo club. Os seus integrantes foron os primeiros que trataron de crear un único club na cidade para enfrontarse aos outros equipos de Galicia, para o que convocaron a unha reunión aos capitáns de Orense F.C., Victoria, Sporting e Triunfo en xaneiro de 1910<sup>196</sup>, iniciativa que no callou.

Sen embargo deixa de ter actividade a partir de 1910, despois de participar no Trofeo do Corpus<sup>197</sup>, descoñecéndose o motivo. O que si puidemos rastrexar foron os distintos camiños que seguiron algúns dos seus membros. Luís Casado, Narciso Dacunha, Fermín Arines, Blas Moretón, Mateo Pemán e José Perille seguiron a súa andaina deportiva no Orense F.C.; mentres que Aser Román e José Romero pasaron en 1911 a ostentar cargos honorarios (capitán e presidente respectivamente) no Sporting F.C.<sup>198</sup>, sendo ademais Aser Román socio protector do Victoria en 1918<sup>199</sup>.

### ***Escolar Sporting Club***

Destá sociedade temos novas nos anos 1915 e 1916, disputando en 1915 o Trofeo do Corpus<sup>200</sup>. Relacionado con Luís Fernández Pérez “Xesta”, presidente do Triunfo F.C. en 1911, quen entrega no Goberno Civil o regulamento do club para a súa aprobación. Polo nome da sociedade é posible que se trate dun grupo de escolares que decidiron organizalo e legalizalo para poder participar no Trofeo de

---

194 De sport (11/11/1909), El Miño, p. 1

195 Fiesta de Caridad en Orense (01/02/1910), Vida Gallega, p. 13

196 De sport (25/01/1910), El Miño, p. 2

197 Las fiestas del Copus. Campeonato de FOOT-BALL (18/05/1910), La Región, p. 2

198 Notas de sport (17/09/1911), La Región, p. 2

199 Notas deportivas (19/06/1918), La Región, p. 1

200 Nota deportiva (28/05/1915), La Región, p. 3

Corpus, que na súa base primeira sinalaba que as sociedades debían de estar legalmente constituídas<sup>201</sup>. Entre os seus xogadores aparecen apelidos ilustres da sociedade ourensá da época. Tal é o caso de Malingre<sup>202</sup>, Castán<sup>203</sup> ou Chamochín<sup>204</sup>.

### ***Alfonso XIII***

Fundado en 1917 seguindo a tradición de bautizar a sociedades futbolísticas co nome do rei. Cando menos en Pontevedra e Vilagarcía de Arousa tamén existiron clubs con esta denominación. O fervor monárquico da época unido á afección polo fútbol que profesaba o monarca, a actual Copa do Rei naceu en 1902 como parte dos festexos pola maioría de idade do monarca, levaron á fundación de sociedades futbolísticas con este nome.

### ***Gimnástico Deportivo***

Desta sociedade temos coñecemento en 1917<sup>205</sup>, sendo o seu presidente de honra<sup>206</sup> Emilio Amor Rolán, director da Normal de Mestres de Ourense. Pouco sabemos desta sociedade, salvo que se fusionou co Iberia F.C. para formar a Real Unión Deportiva.

### ***Norte F.C.***

Esta sociedade futbolística xurde no concello de Canedo en 1912<sup>207</sup>, xusto un ano despois de que desaparecera da escena o Victoria F.C.. Moitos dos seus xogadores xa formaran parte da extinta sociedade vitoriana, polo que pensamos que se trata do seu sucesor.

O Norte é unha sociedade que aparece e desaparece ao longo da década dos dez e dos vinte. Temos constancia da súa existencia, ademais de en 1912, en 1915, 1919, 1921 e ininterrompidamente entre 1925 e 1934, coexistindo co *Puente F.C.* en 1933 e 1934.

Para rematar nomear outras sociedades das que apenas sabemos algo máis que o nome e a disputa dalgún partido nesta época: Deportivo F.C. (1910), Estrella (1910), Galicia (1910), Español (1911), Oliva (1915), Explorador (1915), Fortuna (1915), Deportes (1917), Sport (1917), HH Maristas (1917), León XIII (1917), Zamora (1917), Hércules (1917), Deportivo F.C. (1917), Luna (1917) e Arenas da Ponte (1917).

Como vemos 1917 foi un ano extraordinariamente prolífico na aparición de sociedades futbolísticas. O fútbol ía camiño de converterse nun fenómeno de ma-

201 Fiestas de Corpus (25/04/1915), La Región, p. 2

202 Segundo manifesta Ana Malingre trátase de Antonio Malingre Lamas

203 Juicio sensancional (23/11/1910), La Región, p. 1

204 De sport (18/04/1916), La Región, p. 2

205 Notas deportivas (08/08/1917), La Región, p. 2

206 Notas deportivas (07/03/1918), La Región, p. 2

207 De sport (26/06/1912), La Región, p. 2

sas, o que levaría consigo a chegada do profesionalismo, do que Ourense non ía ser unha excepción.

### 3. FUSIÓN EN 1918 NA PROCURA DUN CLUB REPRESENTATIVO DA CIDADE: ORENSE SPORTING CLUB E REAL UNIÓN DEPORTIVA

A finais de 1917 Victoria F.C. e Iberia F.C. eran as dúas grandes sociedades que se mantiñan en activo. Disputábanse a supremacía no fútbol ourensán en vibrantes partidos como o do 10 de decembro de 1917 que rematou co triunfo do Victoria por 3-2<sup>208</sup>. A importancia do deporte ía en aumento, de xeito que o 10 de marzo de 1918 no instituto ten lugar unha conferencia deportiva impartida polo director da Normal de mestres, Emilio Amor Rolán<sup>209</sup>, que tamén ostentaba o cargo de presidente honorario da sociedade *Gimnástico Deportivo F.C.*, fundada en 1917<sup>210</sup>. O fomento dos deportes encádrase dentro do principio de rexeneración da patria, unha ideoloxía puxante na época.

O deporte, e máis concretamente o fútbol, tamén se estaba comezando a ver como un indicador do desenvolvemento dunha cidade ou poboación. En Ourense aparecen movementos para formar un equipo forte e que represente á cidade a un alto nivel neste campo. O primeiro paso dérono o Iberia F.C. e o *Gimnástico Deportivo F.C.* coa súa fusión, dando lugar á Real Unión Deportiva. Na directiva mantéñense homes como Salvador Caneiro, José González Viso, Luís Teijeiro ou Genaro Toral, entrando tamén xente nova como Gil Torre López, comerciante de 24 anos, que fora xogador do Orense F.C. en 1910<sup>211</sup>.

Ademais de crear unha sociedade máis forte o obxectivo do novo club era conseguir un campo de fútbol propio, fuxindo do campo de Aragón, que non reunía unhas mínimas condicións, nin no terreo de xogo nin na capacidade para o público, e que tamén tiña o problema de que era unha instalación militar e as veces non era cedido para a práctica do fútbol por cuestións internas dos militares<sup>212</sup>. Esta aspiración de ter un campo de deportes en condicións toma corpo en maio de 1918. A prensa da conta da sinatura dun contrato de arrendamento por cinco anos entre Salvador Caneiro, representante xeral da Real Unión Deportiva, e Francisco

208 Notas deportivas (13/12/1917), La Región, p. 1

209 Notas deportivas (07/03/1918), La Región, p. 2

210 Notas deportivas (08/08/1917), La Región, p. 2

211 Partido de Foot-Ball (29/06/1910), La Región, p. 2

212 El campo de foot-ball en Orense (31/12/1916), La Región, p. 2



Villanueva, propietario dun eido na Estrada de Monforte para dedicalo a campo de deportes<sup>213</sup>.

Nun artigo en *La Región* sinaláase que este paso debería de ser o impulso definitivo para o fútbol de Ourense. Tamén lembra no artigo que as rivalidades ruíns entre as distintas sociedades impediron asentar algo serio en Ourense<sup>214</sup>. Unhas rivalidades que lonxe de rematar aínda terán que librar unha nova batalla antes de deixar o camiño libre á Real Unión Deportiva.

Pola súa banda os vitoristas non se resignan a desaparecer e pretenden converterse en alternativa. Como a Unión Deportiva o *Victoria F.C.* tamén quere un campo de fútbol propio. Incluso Aser Román, socio protector do club, regalalle unhas porterías en xuño de 1918<sup>215</sup>.

Para facerse máis fortes tamén se fusionan. En agosto de 1918 únense ao Hércules F.C., unha sociedade que aparece en 1917. A nova sociedade recibe o nome de Orense Sporting Club<sup>216</sup>. Na directiva mantense na presidencia Manuel Martínez Pereira “Zenitram”, e repiten Manuel Pérez Fernández, Jaime Pereira, Julio Villot e Epifanio Manzano. Son novos membros, entre outros, Felipe Babarro, que en 1920 é vicesecretario da *Juventud Antoniana*<sup>217</sup>.

En 1918 o fútbol ourensán xa entra noutra dimensión. Só faltaba pasar a formar parte da Federación Galega de Fútbol e así competir contra o resto de cidades galegas en competición oficial. Da rivalidade entre Orense Sporting Club e Unión Deportiva sairía triunfante esta última sociedade, que quedaría como a máxima representante do fútbol ourensán ata 1921, pero sen chegar a competir no campionato galego de fútbol por desacordos coa Federación Galega, que levarían ao club a abandonala moi cedo.

#### 4. O CAMPIONATO PROVINCIAL DE FÚTBOL (TROFEO CORPUS)

Dende que se deron as primeiras patadas ao balón ata que se organizou o primeiro campionato pasou menos dun ano. Tal foi a forza coa que o fútbol se fixo un oco nos gustos dos ourensáns.

Unha comisión integrada por membros das sociedades Orense F.C. e Sporting ofrecéronse a Celso Ferro<sup>218</sup> (presidente da comisión de festas do Corpus de 1909)

213 Notas deportivas (14/05/1918), *La Región*, p. 1

214 Notas deportivas (18/05/1918), *La Región*, p. 2

215 Notas deportivas (19/06/1918), *La Región*, p. 2

216 Notas deportivas (24/08/1918), *La Región*, p. 1

217 *Juventud Antoniana* (08/01/1920), *La Región*, p. 1

218 *El Miño* (25/05/1909)

a xogar un partido durante as festas, este, entusiasmado co evento, ofrece a súa vez un premio para o campión<sup>219</sup>, nin máis ni menos que unha copa de bronce bañada en prata<sup>220</sup>. Deste xeito anúnciase no programa de festexos o Concurso Provincial de foot-ball, que se xogará o día 12 de xuño as 17,30 no campo de Aragón<sup>221</sup>.

Rapidamente solicita a súa admisión un terceiro equipo, o Triunfo F.C. Na prensa fanse eco da nova: “*Tendremos pues, un número interesantísimo de los que figuran en los programas de festejos de todos los pueblos cultos*”<sup>222</sup>.

Tras unha reunión na casa de Celso Ferro a que acudiron os capitáns dos tres equipos participantes establécense as bases que rexerán o torneo, que son publicadas, xunto aos integrantes de cada equipo participante, no xornal *El Miño* do 5 de xuño de 1909<sup>223</sup>.

Nas bases prevíase que a copa sería adxudicada de xeito definitivo no terceiro ano de disputa da copa, nos dous anteriores a adxudicación do trofeo sería de xeito provisional. A copa sería para o equipo que marcara maior número de goles durante os tres *matches* anuais. Algo imposible de cumprir cando neste primeiro ano xa había tres equipos inscritos. Veremos como estas bases evolucionarán ao longo dos anos.

Na nova mencionada reflíctese que o Sporting xogará de azul (blusa) e branco (pantalón) e o Orense F.C. totalmente de branco. O calendario de partidos quedou determinado do seguinte xeito: o día 8 de xuño xogarán Sporting e Orense F.C., e o 13 xogarán o vencedor do anterior e o Triunfo F.C., adxudicándose tras este partido a copa de xeito provisional.

O 8 de xuño ás 17,30 horas xogouse o primeiro partido. A entrada foi de balde e o equipo arbitral estaba integrado por tres deportistas chegados de Vilagarcía de Arousa: Antonio Avalo como árbitro e Anselmo Torres e Juan Elías como xuíces de liña.

Ao día seguinte publícase unha extensa crónica no xornal *El Miño*. Segundo o xornal o campo de Aragón rexistrou un gran entrada, con abundante represen-

219 Programa del Corpus (29/05/1909), *El Miño*, p. 1

220 De sociedad (08/06/1909), *El Miño*, p. 3

221 Programa del Corpus (29/05/1909), *El Miño*, p. 1

222 Campeonato de foot-ball (01/06/1909), *El Miño*, p. 2

223 Sporting: Porteiro: José Vidal; defensas: Francisco Bouzo e José Martínez; medios: Antonio Peñarredonda, Ramón París e Fernando Taboada; dianteiros: Julio Alonso (capitán), Pedro Castán, Juan Villar, Luís Marquina e Manuel Rodríguez.

Orense F.C.: Porteiro: Fernando Peñarredonda; defensas: Atilano G. Núñez e Fermín Arines; medios: José Rodríguez Gómez, Mateo Pemán e José Malleira; dianteiros: Antonio Fernández, José Perille, José Junquera (capitán), José Peñarredonda e Vicente Romero.

Triunfo F.C. Porteiro: Ramón Feijoo; defensas: Alfonso Covas e Argemiro A.; medios: Esteban Salve, Cándido Fornos, e Rodolfo Casanovas; dianteiros: José Barbero, Adolfo Gómez, Leopoldo Gómez, Manuel Moure e Lutgardo López.

tación feminina. O partido rematou con empate (1-1), con goles de Peñarredonda para o Orense F.C. e Marquina para o Sporting, todo elo no primeiro tempo. O Sporting fallou un penalti na segunda metade ao lanzalo fora Pedrito Castán. Chegado o remate do partido decidiuse continualo o venres pola mañá. Segundo a crónica os xogadores do Sporting eran de idade infantil, sendo os do Orense maiores e máis corpulentos. Estes últimos renunciaron ao dereito de cargar ao contrario vista a diferenza de idade e, conseguintemente, de corpulencia. Finalmente houbo cambios no trío arbitral anunciado. O árbitro foi o vilagarcían Juan Elías e os xuíces de liña Antonio Torres Pinto e o señor López Aydillo, redactor de *El Heraldo* de Madrid.

O partido continuou o día 10, o xoves non o venres como estaba previsto. Neste segundo encontro o Orense venceu por 2-0, quedando para o domingo o partido contra o Triunfo F.C., encontro que debería resolver o campión do primeiro Campionato Provincial de Foot-ball. O día 15 *El Miño* publicou unha breve crónica do encontro. Venceu o Orense F.C. por 1-0, proclamándose campión do torneo, o que celebraron cun banquete. A clasificación fíxose en base aos goles: O Orense F.C. fixo 4 goles, o Sporting 1 e o Triunfo ningún. Hai que ter en conta que Sporting e Triunfo non xogaron entre eles, cousas da época.

Este Campionato Provincial disputouse ininterrompidamente ata 1917. Este trofeo era a culminación da tempada futbolística ourensán, aínda que a pesar do seu nome tan só temos documentado un equipo de fóra dos concellos de Ourense e Canedo participando no evento. Foi o Avia F.C. de Ribadavia en 1912. Nese mesmo ano tamén se da como inscrito<sup>224</sup> ao Estrella F.C. do Carballiño, pero non temos constancia de se finalmente chegou a participar.

Non faltaron ao longo destes campionatos anécdotas e curiosidades. Así na edición de 1910 o Orense F.C., primeiro campión do torneo, non participou. A prensa<sup>225</sup> da época da a entender que foi excluído sen especificar o motivo.

Os organizadores decatáronse que os partidos de fútbol, debido a expectación que espertaban, podían ser unha fonte de ingresos. Na edición de 1912 organízase un partido entre o Orense F.C. e o Avia F.C. co obxectivo de recadar fondos para as festas do Corpus, polo que sería o primeiro partido en Ourense en que se cobraría entrada. Finalmente este partido foi suspendido pola chuva, xogándose o 12 de maio<sup>226</sup> un encontro entre o Orense F.C. e unha selección dos outros equipos ourensáns, no que se recadaron 110 pesetas netas<sup>227</sup>. Xa nas seguintes edicións era

---

224 Las fiestas del Corpus (26/05/1912), La Región, p. 2

225 Las fiestas del Corpus (18/05/1910), El Miño, p. 1

226 La partida del domingo (14/05/1912), La Región, p. 2

227 Para las fiestas (19/05/1912), La Región, p. 2

habitual cobrar entrada. Na de 1913 o prezo da entrada para o partido eliminatório entre Iberia e Sporting foi de 25 céntimos<sup>228</sup>.

A paixón coa que se seguía estes partidos quedou patente na final de 1915. Iberia e Triunfo ían empatados a un gol, os iberistas fixeron o 2-1 e parte do público invadiu o campo discutindo a validez do tanto, sendo o partido suspendido polo árbitro.

Houbo outras incidencias, como a suspensión da final de 1913 (por ter faltado un dos equipos ou os dous ás bases) aínda que se xogou máis tarde; a non comparecencia do Orense F.C. na final de 1914 ou a unión entre Orense F.C., Victoria F.C. e Triunfo F.C. contra o Iberia na final de 1915<sup>229</sup>, como xa vimos.

Sen dúbida a incidencia máis sobranceira foi a ocorrida na final de 1917, último ano que se disputou este trofeo. Xogaban Orense F.C. e Iberia F.C., este último campión das edicións de 1915 e 1916, polo que se gañaba levaba a copa en propiedade. Na segunda metade co partido empatado a dous goles Villanueva, capitán do Orense, tirou a porta mentres Malingre, o porteiro, se retiraba da meta deixando entrar o balón, foi o 3-2 e, polo tanto, o trofeo para o Iberia<sup>230</sup>.

Foi moi comentado esta xogada. Sen embargo o motivo non se aclara na prensa da época. Quizais xa era sabido que non se xogarían máis campionatos e esta era a forma de que algún equipo se fixera co trofeo en propiedade. Non o sabemos pero algunha poderosa razón tivo que haber para chegar a este sorprendente desenlace.

Respecto ao trofeo atopamos dúas versións de que o doou. Segundo os xornais de 1909 e 1910 foi o comerciante Celso Ferro. Sen embargo a partir de 1911 pode lerse que foi doada polo Liceo<sup>231</sup>. Nos libros de actas do Liceo tan só atopamos o pago (90 pesetas) dunha copa que doan ao Triunfo F.C. e ao Orense F.C. o 20 de maio de 1913. Quen doou realmente o trofeo é outro misterio por resolver.

## 5. CONCLUSIÓNS

Segundo os datos que atopamos podemos concluír que o fútbol en Ourense foi introducido polos fillos da burguesía comercial que estudaban no único instituto de Ourense. Xunto a eles os dependentes de comercio, que podemos considerar representantes da clase media, foron os protagonistas da expansión do mesmo. Foron varias as sociedades deportivas que nos comezos da segunda década do século XX

---

228 Festejos del Corpus (18/05/1913), La Región, p. 3

229 De Sport (06/06/1915), La Región, p. 2

230 Notas deportivas (09/06/1917), La Región, p. 2

231 De Sport-Fiestas del Corpus (24/05/1911), El Miño, p. 1; Campeonato Provincial de Football (05/05/1912), El Miño

disputáronse a supremacía local, sobre todo no torneo que se celebraba durante as festas do Corpus, o que desataba grandes rivalidades entre os distintos clubs, nos que as afinidades ideolóxicas e de traballo eran evidentes.

Ideoloxicamente os membros vinculados coa igrexa e coas organizacións carlistas eran abundantes, aínda que tamén había representación de elementos republicanos.

A finais da década dos dez e nas posteriores o fútbol acadou unha dimensión distinta, onde se buscou un equipo representativo da cidade para competir cas outras sociedades futbolísticas do resto de Galicia, mentres o número de practicantes deste deporte non paraba de medrar e a profesionalización xa era imparable.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### ARQUIVOS E HEMEROTECAS

Arquivo do IES Otero Pedrayo de Ourense

Arquivo do Liceo Recreo Orensano

Arquivo Histórico Provincial de Ourense (consultado Padrón de habitantes de Ourense de 1910)

Biblioteca do Mosteiro de Oseira (consultado xornal *El Miño*)

Biblioteca Virtual de Prensa Histórica: [www.prensaahistorica.mcu.es](http://www.prensaahistorica.mcu.es)

Galiciana. Biblioteca dixital de Galicia: [https://biblioteca.galiciana.gal/es/publicaciones/listar\\_cabeceras.do](https://biblioteca.galiciana.gal/es/publicaciones/listar_cabeceras.do)

Hemeroteca da Deputación Provincial de Ourense

Hemeroteca dixital Biblioteca Nacional de España: <https://hemerotecadigital.bne.es/hd/es/advanced>

### ARTIGOS

ARRECHEA, F. (2013). El archivo general de palacio y el fútbol español: los clubs. *Cuadernos de fútbol*.47. <https://www.cihefe.es/cuadernosdefutbol/2013/10/el-archivo-general-de-palacio-y-el-futbol-espanol-los-clubs/?format=pdf>

CID FERNÁNDEZ, X.M. (1994). Ferrer y el laicismo escolar en Galicia. *Revista d'Historia de l'Educació*. <https://raco.cat/index.php/EducacioHistoria/article/download/18595/318246>

PÉREZ-MARTÍNEZ, C. e TORREBADELLA-FLIX, X. (2020). El nacimiento del fútbol en España ¿cómo se entrenaba y cómo se jugaba? 1ª parte (1899-1920). *Recorde: Revista da Historia do Esporte*. 13 (1), 1-28, <https://revistas.ufrj.br/index.php/Recorde/article/view/35493>

PRADA RODRÍGUEZ, J. (2011). Las milicias de segunda línea en la retaguardia franquista. El caso de Galicia. *Cuadernos de Historia Contemporánea*. Vol. 33, pax. 255-273. [https://doi.org/10.5209/rev\\_CHCO.2011.v33.36674](https://doi.org/10.5209/rev_CHCO.2011.v33.36674)

SIMÓN SANJURJO, J.A. (2011). La mercantilización del fútbol español en los años 20: de la implantación del profesionalismo al nacimiento del campeonato nacional de liga. *Esporte e sociedade*. 18

TORREBADELLA-FLIX, X. (2020). El nacimiento del fútbol en España ¿cómo se entrenaba y cómo se jugaba? 2ª parte (1920-1936). *Recorde: Revista da Historia do Esporte*. 13 (1), pax. 1-27, <https://revistas.ufrj.br/index.php/Recorde/article/download/35494/19618>

**LIBROS**

- ADRIO, J. (1935), *Del Orense Antigo (1830-1900)*, Edición facsimil. Concello de Ourense.
- ÁLVAREZ, X. (1993). *Historia de O Couto*. Deputación Provincial de Ourense.
- CARBALLO-CALERO, M<sup>a</sup>. V., SUANCES, J. e VALCÁRCEL, M. (1995), *La transformación de una ciudad. Orense (1880-1936)*. Concello de Ourense.
- DE JUANA, J. e PRADA, J. (2005). *Historia Contemporánea de Galicia*. Ariel.
- DOMÍNGUEZ, A. (2009). *Historia social do deporte en Galicia, 1850-1920*. Galaxia.
- EIRÉ, A. (1998). *O fútbol na sociedade galega*. A Nosa Terra.
- PASCUAL, A. (1996). *Más de cien anos en la vida de Ourense*. Deputación Provincial de Ourense.
- VALCÁRCEL, M. (1987). *A prensa en Ourense e a súa provincia*. Deputación Provincial de Ourense.
- VARELA, A. (2001). *Historia do fútbol galego*. Laverde-Lea Ediciones.
- VV.AA. (1996). *Historia de Ourense*. Vía Láctea Editorial.
- VV.AA. (2001). *100 anos de historia con Ourense*. Cámara de Comercio e Industria de Ourense.

**TESES**

- CIRIA, P. (2012). *El sueño de ser grandes: Historia social del nacimiento del fútbol en Zaragoza, 1903-1936* [Tesis de doctorado, Universidad de Zaragoza].
- POLO, J. (2002). *El fútbol en Madrid: de actividad lúdica a espectáculo de masas (1898-1945)* [Tesis de doctorado, Universidad Complutense de Madrid]
- SÁNCHEZ, F. (2005). *Fuentes documentales deportivas aplicadas a la historia de un club deportivo español: historia del club Atlético de Madrid*. [Tesis de doctorado, Universidad Complutense de Madrid].
- SOMOZA, J. (2001). *Desarrollo urbano en Ourense (1895-2000)* [Tesis de doctorado, Universidad de Santiago de Compostela]

**WEB**

- A represión na provincia de Ourense. <https://represion.depourense.es/>